


NOTA

O **Grupo HISTAGRA** ven de publicar o traballo colectivo: Fernández Prieto, L. e Míguez Macho, A. (eds.) (2018): *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo*, Vigo, Galaxia



Resumo da publicación:

Non é unha historia heroica nin agradable, tampouco unha historia esquecida. É unha historia que non tiñamos ganas de coñecer, pero que os historiadores e as historiadoras estamos obrigados a indagar e contextualizar. O coñecemento sempre resulta sorprendente e desvenda erros, mitos, deformacións interesadas. Iso intentamos. Os lectores coñecerán neste libro as dimensións sociais dos verdugos e os colaboradores. Canto se estende a marcha da violencia do golpe. Coñecerán os golpistas perseguindo as autoridades, empezando polas militares. Como foron fusiladas autoridades civís, militares, policiais e administrativas sen que imaxinasen que ían ser executadas, porque esa posibilidade non formaba parte do seu mundo, nin da súa experiencia vital e política

No volume participan @s investigadores de HISTAGRA:

Buxeiro Alonso, Xabier (2018): "Os verdugos e a sociedade. A violencia sublevada en Ribadeo (1936-1941)", p. 181-226

Carbajo Vázquez, Judith (2018): "Os outros nomes das mesmas voces. Identificación de verdugos, relatos e lóxicas da persecución golpista franquista", p. 291-360

Cidrás, Aldara (2018): "A construción da culpabilidade colectiva na cidade de Pontevedra (1936-1939)", p. 227-290

Fernández Prieto, Lorenzo e Míguez Macho, Antonio (2018): "Os verdugos no golpe de estado de 1936. Quen matou a Antonio Azarola?", p. 13-88

García Ferreira, Rafael (2018): "Violencia golpista en Santiago de Compostela: Verdugos, lóxicas e espazos (1936-1946)", p. 137-180

López Sánchez, C. (2018): "Os comportamentos duais dos axentes sociais nas dimensións da violencia", p. 89-136

Morgade Valcárcel, Iria (2018): "Rosa branca. Accións colectivas da memoria na transición: Víctimas sen verdugos", p. 361-434

Máis información en:

<http://histagra.usc.gal/gl/publicacions/>



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"